



-CIRCULAR INFORMATIVA INICIO DE CURSO -

COMEZO DAS CLASES O **XOVES 9 DE SETEMBRO EN HORARIO HABITUAL (consultar táboa abaixo).**

O Centro recomenda o uso de máscara en E. Infantil aínda que a normativa non a esixa, para xerar un hábito saudable. A partir de 6 anos é obrigatoria. Deberán traer unha funda ou estoxo para unha máscara de repostado diariamente na mochila.

A hixiene de mans realizarase con xel hidroalcohólico varias veces ao día, cos dispensadores dispostos en cada aula.

O alumnado de E. Infantil traerá e levará diariamente o **mandilón** posto da casa luns, mércores e venres. O mandilón de Primaria é obrigatorio ata 4º incluído.

A **merenda** de E. Infantil realizarase co seguinte calendario:

LUNS: Pan, pauíños. MARTES: lácteos MÉRCORES: froita fresca (preparada para comer)
XOVES: galletas. VENRES: bocadillo. (agás Ed. Infantil 3 anos que ten protocolo de alerxia).

O alumnado de Primaria pode traer a merenda que queira sempre que sexa saudable, non se permitirá bolería industrial. Non poderán traer xoguetes da casa. Todo o alumnado terá que traer diariamente unha mochila ou bolsa de merenda pequena: unha botella de auga co seu nome que levará todos os días para a casa, un paquete pequeno de panos de papel, a merenda e unha máscara de repostado nun estoxo, bolsa hermética ou similar. En E. Infantil traerán una caixa de tissues ao principio de curso, para quedar na aula. É imprescindible que todo o que veña da casa veña marcado co nome. O mandilón de comedor irá todos os días para a casa, tanto dos alumnos de Infantil como de Primaria.

As **titorías** e comunicacións serán preferiblemente por vía telemática ou telefónica, como norma xeral os martes, previa cita co mestre titor, de 16 a 17 horas ou outro día acordado por ambas partes.

A atención da oficina será por correo ou telefonicamente:

Cpr.ludy@edu.xunta.gal

981311813

Presencialmente martes de 16:00 a 17:30.

SERVIZOS DE MADRUGADORES, COMEDOR E SAÍDAS TARDÍAS. A PARTIR DO LUNS 13 DE SETEMBRO. Para apuntarse a calquera deles chamarase por teléfono (981311813) entre o luns 6 e o mércores 8 en horario de 10 a 13 horas. Preguntar por Celia.

- O servizo de **madrugadores** terá a entrada pola aula de 3 anos (Rúa Ourense) a partir das 7:30, ben como servizo de almozos ou como gardería. A hora límite de entrada para os almozos será ás 8:30 e para o servizo de gardería 8:45.
- O servizo de **comedor** terá dous quendas de saída, 15:00 ou 16:00 horas, pola porta principal.
- O servizo de **saídas tardías** será de 14:00 a 14:30 (non fraccionable).

Este ano ofreceremos unha ampla variedade de actividades **EXTRAESCOLARES** innovadoras a partir das 16:00 horas. (Informaremos máis adiante).

Estamos á espera do que decida o Padroado de Deportes do Concello de Ferrol en canto á actividade de **natación** (de 4 anos a 6º).

HORARIOS E LUGARES DE ENTRADAS E SAÍDAS DAS DISTINTAS AULAS:

CLASE	PORTA	ENTRADA	SAÍDA
3 anos (4º Ed. Infantil)	Aula de 3 anos. Rúa Ourense	9:05 – 9:15	13:45-13:50
4 anos (5º Ed. Infantil)	Porta principal		
5 anos (6º Ed. Infantil)	Porta principal		13:50-13:55
1º de Primaria	Aula de 1º. Rúa Ourense	8:55 – 9:05	13:55-14:00
2º de Primaria	Porta principal		13:55-14:00
3º de Primaria	Porta principal		14:00-14:05
4º de Primaria	Aula de 4º. Rúa Ourense		13:55-14:00
5º de Primaria	Aula de 5º. Rúa Ourense		14:00-14:05
6º de Primaria	Porta principal		14:00-14:05

O centro será comprensivo, nas saídas, nos casos de irmáns en distintas aulas.

O alumnado que chegue tarde deberá entrar pola portal principal e asinar unha xustificación específica.

Nas saídas, serán o mestres quen vaian nomeando aos alumnos dun en un, para ser recollidos. Non se atenderán aos pais ou nais que soliciten ao seu fillo ou filla desde o coche.

MATERIAL E LIBROS

Instrucións para traer o material e os libros de Ed. Infantil, 1º e 2º de primaria:

- 3 anos: Martes 7 de 17 a 18 horas. (Rúa Ourense) Lembramos que ás 17 h está convocada unha reunión coa mestra/titora.
- 4 anos: Martes 7 de 10 a 11 horas. (Porta principal)
- 5 anos: Martes 7 de 18 a 19 horas. (Porta principal)
- 1º: Martes 7 de 11 a 12. (Rúa Ourense)
- 2º: Martes 7 de 12 a 13. (Porta principal)

Todos os libros e os tissues de Ed. Infantil virán nunha bolsa co nome por fóra.

Todos os libros de 1º e 2º virán na mochila forrados e co nome posto. Todo o material debe vir marcado.

Os alumnos de 3º a 6º traerán o material e os libros o xoves día 9 nunha mochila.

Recordámosvos que é obrigatorio cumprir a obrigatoriedade do **uniforme** : cazadora e zapatos azuis mariños ou negros, tenis brancos e o uniforme regulamentario. Todas as prendas deben vir marcadas co nome do alumno. O centro non se fará responsable das prendas extraviadas sen nome. O primeiro día de clase todo o alumnado virá con uniforme. A partir de entón Ed. Infantil traerá chándal martes e xoves. Aos grupos da primaria informaráselles dos días de Educación Física.

Moitas grazas pola vosa colaboración . Feliz inicio de curso!

A Dirección.